

## ASEMBLEA XERAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

**MARTES, 17 DE DECEMBRO 2024**

16.00 hrs. (en 1ª Convocatoria) e **16.30 hrs.** (en 2ª Convocatoria)

Biblioteca do **Consello da Cultura Galega**

Pazo de Raxoi, 2º Andar 15705 Santiago de Compostela

### ORDE DO DÍA

1º.- Ratificación dos novos asociados: ACARIÑO FILMS, ARTYC CONTENT, DANGA DANGA, INDÍGENA FILMS, MARTELA FILMS, MEMORIA E CINEMA , MORDISCO FILMS E TRÉBOA MEDIA.

2º.- AGADIC. Propostas e estratexia.

3º.- Televisión de Galicia.

4º.-ICAA.

5º.- Lectura e aprobación de contas 2023.

6º.- Previsión de ingresos e gastos 2024, 2025.

7º.-Rogos e preguntas.

VºBº Felipe Lage Coro  
Presidente de AGAPI

Asdo./Luisa Romeo  
Secretaria de AGAPI

## **Martes, 17 de decembro de 2024**

Reunidos presencialmente na Biblioteca do Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela) ás 16.30 h (en segunda convocatoria) e coa asistencia de: Felipe Lage (Zeitun Films), María Becerra (Filmika Galaika), Jaione Camborda (Esnatu Cinema), Alba Gallego (Kraken Media), Chema Gagino (Recrea), Adriana P. Villanueva (Illa Bufarda), Silvia Fuentes (Sétima), Laura Doval (GaitaFilmes), Alfonso Zarauza (Maruxiña), Diego R. Aballe (Coven Films), Álvaro Liste e Iván L. Gimeno (Serea Filmes), Javier López (Undodez), Gael Herrera (Tamboura), Mónica Hidalgo e Mercedes García-Nieto (M International Audiovisual), Nati Juncal (Cósmica), Paula Mariñas (Tréboa), Rubén Coca (Artyc Media), Rosa Taboada (Martela),

Delegan voto:

En Felipe Lage (Zeitun Films): Xacio Baño (Rebordelos), Raúl García e Alba Prol (Meteórica) e Jacobo Peña (Cinemar Films).

En Laura Doval (Gaita Filmes): Sara Horta (Indígena) e Alberto Díaz (Mordisco).

En Álvaro Liste (Serea): Gaspar Broullón (Ollovivo).

En María Becerra (Filmika Galaika): Simone Saibene (Noveolas)

Dá comezo o acto de Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria de AGAPI, coa seguinte orde:

### **1º.- Novos asociados.**

Ratifícase a entrada dos novos asociados: ACARIÑO FILMS, ARTYC CONTENT, DANGA DANGA, INDÍGENA FILMS, MARTELA FILMS, MEMORIA E CINEMA , MORDISCO FILMS E TRÉBOA MEDIA. Toman a palabra para presentarse: Rubén Coca (Artyc Media), Rosa Taboada (Martela) e Paula Mariñas (Tréboa).

### **2º.- AGADIC. Propostas e estratexia.**

A xerente comenta as previsións das vindeiras convocatorias de Agadic: previsiblemente publicarán produción con 3.000.000 € en decembro-xaneiro. Sobre as melloras para estas subvencións presentadas por Agapi, está confirmado que haberá un incrementos dos importes máximos a recibir por proxecto e certos axustes nos puntos dos baremos. Tamén é posible que se modifique a lista de festivais puntuables.

Sobre o destino do Fondillo, o presidente comenta que é habitual nos últimos anos imputar estes cartos ás liñas de subvencións xa existentes (produción e desenvolvemento). No caso do 2025 non se sabe aínda cal vai ser o importe nin a que o van destinar. A xerente comenta que haberá que ler a convocatoria de produción cando saia para ver se deixa a posibilidade de ampliación de crédito como sucedeu en anos precedentes. Ábrese un debate en relación ao reparto do Fondillo. O presidente explica o criterio e a desigualdade dos importes recibidos, nos que Cataluña recibe máis dun 60% do Fondo, algo totalmente inxusto e

desproporcionado. Comenta que desde Agapi mantivéronse reunións coa dirección do ICAA para tratar esta cuestión e que desde o ICAA instaron á Asociación a dirixir a demanda aos partidos políticos para presentar enmendas na Lei do Cine e da Cultura Audiovisual que puidesen poñer coto a esta cuestión. Na Asociación estase traballando en coordinación con outras asociacións de territorios afectados (vascos, valencianos etc) a través da plataforma de asociacións MAPA para insistir na necesidade de regular esta cuestión con uns importes mínimos garantidos por territorio que permitan a protección real de todas as linguas. Tamén se está traballando co BNG (Néstor Rego) para articular unhas enmendas conxuntas no Congreso.

**Acórdase manter informadas ás empresas socias de todos os avances que se poidan ir producindo.**

Sobre as Axudas a desenvolvemento, o presidente detalla que se espera a súa publicación en abril, explica que hai feita unha proposta polo grupo de traballo con melloras nas bases que se presentará á Agadic en xaneiro.

Sobre as axudas á atracción de rodaxes espérase que de novo se convoquen no vindeiro ano por un importe total de 2.000.000 €. O presidente comenta que desde Agadic pediron comentarios de mellora nas bases con un prazo límite do 8 de xaneiro polo que haberá que crear con premura un grupo de traballo para valorar esta cuestión.

**Acórdase crear un grupo de traballo que poida analizar estas bases e facer propostas de mellora antes do 8 de xaneiro.**

A xerente indica sobre a Film Commission que desde Agadic trasladan que está moi avanzada e que esperan lanzala nos próximos meses. O seguinte paso sería convocar unha praza para dar cobertura á persoa que a poida xestionar. Sobre a Filmoteca de Galicia coméntase o recente nomeamento de Jaime Pena como director da mesma.

O presidente achega a boa nova confirmada sobre o aumento do importe subvencionable a un 80% na liña de comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine para 2025, cuestión solicitada por Agapi.

### **3º.-Televisión de Galicia.**

Sobre o investimento do 6% no ano 2024 , a xerente comenta que ata o momento só se celebrou unha única comisión por un importe de 440.000 € e que se espera unha segunda comisión neste mesmo mes de decembro que podería estar publicada en xaneiro do 2025. Explica que as últimas noticias que trasladan desde TVG non son moi positivas en canto ás cifras xa que parece que poderían achegar un máximo de

500.000-600.000 € que virían a completar o millón de euros para 2024, lonxe do compromiso de 2023 de consolidar a un mínimo de 1.500.000 € o investimento en cine.

Ábrese un debate en relación a esta cuestión e **acórdase enviar unha carta solicitando que se cumpra co comprometido de 1.500.000 € mínimo para este ano.**

De novo fálase sobre a indeterminación dos prazos e a falta de concreción nas datas de apertura e peche na recepción de proxectos. O presidente recorda que desde Agapi levamos anos insistindo nun calendario estable de convocatorias que permita traballar ás empresas con previsión e orde. A xerente comenta que habería que de novo retomar coa canle a negociación no modelo de contrato xa que non é funcional para un contexto de coprodución internacional e a praxe segue a ser que cada empresa negocie pola súa conta. Os presentes mostran a súa conformidade. Silvia detalla o caso de ETB como exemplo de melloras nos límites de exclusión por territorios e propón este modelo como exportable para a plataforma de Agalega. Jaione insiste na necesidade de regular os dereitos para internet xa que o modelo de aberto a todos os territorios presenta múltiples problemas con outros operadores.

A xerente comenta que o Anteproxecto da Lei de Medios públicos xa está en trámite parlamentario e que a data para recepcionar enmendas remata o 15 de xaneiro. Explica que polas previsións que manexan os grupos a nova lei podería estar aprobada en febreiro o que traerá cambios na dirección da canle que poderían impactar nos equipos de mando actuais.

Sobre a convocatoria de contidos dixitais, a xerente indica que polo momento non hai noticias das previsións para o ano 2025 pero que desde a canle comentan que está sempre aberta a posibilidade de presentar formatos por rexistro e que de feito están xa entrando en moitos proxectos por esta vía.

**Para tratar todas estas cuestións, acórdase solicitar unha cita co director de contidos, Fernando Ojea.**

#### **4º.- ICAA.**

Sobre as Axudas Selectivas, o presidente comenta os excelentes resultados con un total de doce proxectos beneficiados que pertencen a oito produtoras de Agapi. Explica que se conseguir que unha persoa galega a proposta de Agapi, Jesús Silva, puidese formar parte das comisións e que isto contribuíu sen dúbida a estes resultados. Explica que no vindeiro ano tamén estará nas comisións porque o mandato é bianual.

A xerente expón que desde Agapi acordouse apoiar o movemento dos produtores experimentais para ter unha reserva de crédito para este tipo de proxectos na liña das Axudas Selectivas que parece que se confirma para o ano 2025.

Silvia explica unha cuestión relacionada co recoñecemento de custes. Indica que lle chegou información de que nas axudas xerais e selectivas están solicitando aclaración da lingua de rodaxe e se non é 100% na lingua declarada para aplicar a intensidade de obra difícil ao 80% están procedendo a minorar as axudas.

Explica que é un tema moi preocupante e que podería impactar nas empresas que teñan que facer recoñecemento de custes nos próximos meses. Indica que desde as diferentes asociacións de produtoras territoriais están articulando unha estratexia conxunta para solicitar unha xuntanza co director do ICAA e presionar para modificar a redacción recollida na LIS (Lei de Imposto de Sociedades), artigo 36, no que se fala de producións rodadas integramente nalgunha das linguas cooficiais distintas ao castelán, para substituír esta redacción por unha interpretación na liña das Axudas europeas que recoñeza que VO orixinal é a lingua maioritaria (sen ter que ser a rodaxe integramente en lingua cooficial, algo que limita a creatividade nas historias e vai en detrimento das propias películas).

**Acórdase seguir esta cuestión e facer unha comunicación ás empresas asociadas cando se conte con máis información.**

#### **5º.- Lectura e aprobación de contas 2023.**

O presidente presenta o PyG de 2023 e comenta que hai un resultado positivo de 26.242,21 € que se relaciona coa bonificación da baixa por maternidade e os servizos feitos desde AGAPI coas distintas administracións: Deputación de Pontevedra: Mesa de debate sobre conciliación e roteiro polos IES da provincia de Pontevedra, Deputación de Ourense: Roteiro polos IES da provincia de Ourense, Agadic: Programación do Educa Audiovisual polos IES galegos e formación sobre Producción sostible nas rodaxes e Concello de Santiago: Publicación dixital.

Explica que tamén se incrementou o número de socios co conseguinte aumento nos ingresos por cotas, e a maiores logrouse rematar a II edición do Laboratorio Agapi Impulsa Copros.

Os presentes pasan a votar a aprobación de contas.

**Apróbanse as contas cos votos favorables por unanimidade dos presentes.**

#### **6º.- Previsión de ingresos e gastos 2024, 2025**

Sobre as contas do ano 2024 a xerente indica que hai unha previsión de cobros parecida a anos anteriores. Expón as colaboracións feitas ata o momento que darán previsiblemente un resultado positivo no PyG de 2024 aínda pendente de pechar.

A xerente comenta que coas eleccións celebradas en febreiro de 2024 produciuse un cambio nas direccións dos equipos de moitas administracións e resultou moi complicado, nalgúns casos imposible, recuperar a colaboración de anos anteriores. Explica que non se conseguiu traballar nin coa Deputación de Pontevedra nin coa Deputación de Lugo. Comenta que si que se puido repetir colaboración coa Deputación de Ourense, coa celebración do roteiro de 'Elas, produtoras executivas' e coa celebración no marco do OUFF do II Encontro Estatal da Plataforma de Produtoras PAP, coa Deputación da Coruña, conseguiuase apoio na Festa dos 30 anos de AGAPI cubrindo o grupo de música e DJ e na Subvención FO215 para actividades para asociacións mellorouse algo o importe en relación ao ano 2023. Indica que co Concello de Santiago foi difícil traballar e non se puido facer o servizo de programación de cinema que se viña ofrecendo nos últimos anos de Cinema no parque e Cinema no Nadal e que tampouco se repetiu o estudo anual sobre as empresas de produción. A cambio, logrouse executar unha xornada formativa de financiamento con Egeda no marco do Festival Cineuropa.

Con Agadic repetiuse o roteiro polos IES galegos do Educa Audiovisual e celebráronse unhas xornadas sobre fiscalidade no sector audiovisual e conseguiuase o apoio económico para cubrir o catering da festa dos 30 anos. Co Culturgal ampliouse a colaboración na programación do Espazo Cine e consolidouse a actividade dos avances. A xerente comenta que está pendente a celebración dunha directiva de Culturgal para facer balance da Feira e que de novo tocará analizar se ten sentido seguir adiante con un proxecto esgotado que hai tempo que necesita un cambio fondo na súa execución e concepción de transversalidade cos distintos sectores culturais.

A xerente expón que como novidade conseguiuase abrir unha vía colaboración co Concello de Pontevedra e coa Asociación dos Premios Feroz que se espera repetir no vindeiro ano coa celebración dunhas xornadas 'Mulleres que contan' que tiveron lugar na Facultade de Comunicación de Pontevedra.

Sobre o ano 2025, o presidente comenta que a previsión de actividades e cobros será similar á do 2024. Polo momento está todo por negociar pero agárdase pechar colaboración con Agadic, concorrer ás subvencións que vaian saíndo para asociacións (Ministerio, Deputación Coruña FO215, Laboratorios...) e tamén se espera contar co apoio de EGEDA e coa achega das cotas de socios. A súa vez, agárdase colaborar co Concello de Santiago e coas diferentes Deputacións.

A xerente mostra en pantalla as previsións de ingresos e gastos de 2024 e 2025, detallando a suba nun 3% na nómina e o aumento nun 5% dos honorarios do presidente, así como unha suba no aluguer para 2025.

Os presentes pasan a votar a aprobación de previsións 2024 e 2025

**Apróbanse as contas cos votos favorables por unanimidade dos presentes.**

## **7º.- Rogos e preguntas.**

A xerente comenta que sería moi positivo que se hai algunha necesidade específica de formación por parte dos socios se faga saber para poder considerala á hora de traballar no plan de actividades para 2025.

Sobre o tema do patrocinio 'Pontevedra, plató de cine', Diego explica que lle comunicaron que abrise a notificación de Vortal na que lle solicitan moita documentación con moi pouca marxe de tempo. Silvia explica que a ela só lle fixeron comunicación telefónica pero que polo momento non lle pediron máis.

**Acórdase que a xerente se comunique cos responsables do programa 'Pontevedra, plató de cine' para ver cal vai ser o funcionamento da liña.**

Sobre a Deputación de Ourense, a xerente comenta que se leva todo o ano insistindo na necesidade de apoiar as rodaxes na provincia, ben sexa coa convocatoria pública dunha liña de patrocinio ou con apoio directo, con escaso resultado. Explica que saben que se están producindo apoios puntuais pero moi distantes das cifras de anos precedentes.

**Acórdase insistir nesta cuestión.**

A xerente comenta que hai unha posibilidade moi real de fusionar a Federación MAPA (da que AGAPI forma parte) con PIAF, motivada pola fusión acontecida en Euskadi de EPE-APV e IBAIA. O presidente explica brevemente o panorama federativo estatal e comenta os pros e contras que tería esta unión, destacando o papel da Asociación catalá PAC (integrante actual en PIAF) que podería ser un freo á demanda do establecemento duns mínimos e máximos de reparto do Fondillo, un tema capital para Agapi. A xerente tamén comenta que esta fusión tería un custe por empresa de 5 €/ mensuais que habería que valorar para determinar que contraprestacións de servizos conleva e quen debería facerse cargo, no caso de ser a Asociación habería que establecer claramente uns mínimos requirimentos de funcionamento e transparencia.

**Acórdase asistir á reunión para falar desta fusión e dar traslado dos resultados antes de tomar unha decisión.**

Sen máis temas a tratar, remata a Asemblea ás 19.30h.

VºBº Felipe Lage Coro  
Presidente de AGAPI

Asdo./Luisa Romeo  
Secretaria de AGAPI